

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

9007 *Real decreto 1000/2012, do 29 de xuño, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso 2012-2013, e se modifica parcialmente o Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas.*

O Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, establece o novo réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, modifica o anteriormente vixente de xestión centralizada e regula, con carácter básico, os parámetros precisos para asegurar a igualdade no acceso ás citadas bolsas e axudas ao estudo sen detrimento das competencias normativas e de execución das comunidades autónomas. Así, establece as normas xerais aplicables tanto ás bolsas territorializadas como a aquelas cuxa xestión corresponde ao Estado, os requisitos económicos e académicos para ser beneficiario e os principios e condicións de revogación e reintegro e incompatibilidade das bolsas e axudas estatais.

Non obstante, debido ao seu carácter cuantitativo, algúns dos referidos parámetros básicos deben ser obxecto de actualización periódica co fin de que non resulten desvalorizados polo transcurso do tempo. Para estes efectos, a disposición adicional primeira do mencionado Real decreto 1721/2007 encomenda ao Goberno a determinación destes parámetros variables para cada curso académico, mediante un real decreto que se aprobará anualmente, logo de consulta ás comunidades autónomas.

Por outra parte, a disposición adicional novena da Lei 24/2005, do 18 de novembro, de reforma para o impulso da produtividade, dispón que as bolsas e axudas ao estudo que se convoquen para seguir estudos regrados e para as que non se fixe un número determinado de persoas beneficiarias se concederán de forma directa ao alumnado tanto universitario como non universitario. Así mesmo, a citada lei establece que a contía das referidas bolsas e axudas ao estudo se fixará en función dos custos que xere a educación para os estudantes, así como das circunstancias socioeconómicas da súa unidade familiar, e que se concederán atendendo, cando proceda, ao aproveitamento académico e aos niveis de renda e patrimonio con que conte a unidade familiar. Por último, dispón que o seu réxime se estableza por real decreto, que deberá contar con informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda.

En cumprimento destes preceptos, este real decreto establece, para o curso académico 2012-2013, os parámetros económicos das bolsas e axudas ao estudo do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, que se convocan sen un número determinado de persoas beneficiarias, fixando as súas contías, así como os limiares de patrimonio e renda familiar por encima dos cales desaparece o dereito á súa obtención.

Este real decreto reflicte o firme compromiso do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, coa dimensión social da educación, que pretende garantir, mediante a política de bolsas, que ningún estudante abandone os seus estudos postobrigatorios por motivos económicos, asegurando así a cohesión social e a igualdade de oportunidades, mantendo o esforzo financeiro pese ao estricto marco de austeridade orzamentaria.

Nesta liña, o Goberno entende que a política de bolsas, ademais de asegurar a igualdade de oportunidades de todos aqueles que tendo vocación e aptitudes para o estudo carecen dos medios económicos necesarios para emprendelos ou continualos, debe ser un instrumento de estímulo á mellora do rendemento académico dos estudantes, especialmente dos estudantes dos niveis superiores do sistema educativo. Xa no curso pasado se avanzaron algunhas medidas nesta dirección: por un lado, introduciuse un novo compoñente destinado a recompensar o rendemento daqueles estudantes

universitarios que obteñen uns resultados académicos superiores aos requiridos para ter dereito á bolsa, por outro, renunciouse a financiar terceiras ou cuartas e sucesivas matrículas dependendo da rama de estudos cursada.

É propósito decidido do Goberno seguir avanzando por esta vía de busca do esforzo académico, a responsabilidade e un mínimo rendemento académico, reforzando así a auténtica equidade básica que é a igualdade de oportunidades e conseguindo que a educación contribúa á promoción social, garantindo, ao mesmo tempo, a mellor eficiencia dos importantes recursos públicos destinados á política de bolsas e axudas ao estudo.

Por outra parte, introdúcese no Real decreto 1271/2007 unha disposición transitoria que establece o réxime dos prezos públicos aplicables ás ensinanzas da ordenación universitaria anterior á incorporación das liñas mestras do Espazo Europeo de Educación Superior levada a cabo pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. Equipáranse aqueles ao novo sistema de prezos establecido para as ensinanzas de grao, garantindo deste modo un trato homoxéneo para os estudantes que iniciaron os estudos universitarios oficiais da anterior ordenación, ata a súa definitiva extinción.

Este real decreto conta con informes favorables do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Foi, ademais, obxecto de ditame polo Consello Escolar do Estado e, na súa tramitación, foron consultadas as comunidades autónomas, a través da Comisión Xeral de Educación da Conferencia Sectorial e da Conferencia Xeral de Política Universitaria.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xuño de 2012,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto determinar os seguintes parámetros cuantitativos polos cales se rexerán as convocatorias de bolsas e axudas ao estudo correspondentes ao curso académico 2012-2013 financiadas con cargo ao orzamento do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte:

- a) A contía dos compoñentes das diferentes modalidades das bolsas e axudas ao estudo regulados no Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas.
- b) Os limiares de renda e patrimonio familiar por encima dos cales desaparece o dereito á percepción das bolsas e axudas ao estudo.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Para o curso académico 2012-2013, con cargo aos créditos correspondentes dos orzamentos xerais do Estado, convocaranse bolsas sen número determinado de persoas beneficiarias para as seguintes ensinanzas postobrigatorias:

- a) Bacharelato.
- b) Formación profesional de grao medio e de grao superior.
- c) Ensinanzas artísticas profesionais.
- d) Ensinanzas deportivas.
- e) Estudos de idiomas realizados en escolas oficiais de titularidade das administracións educativas, incluída a modalidade de distancia.
- f) Ensinanzas universitarias adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior conducentes a títulos oficiais de grao e de máster, incluídos, se é o caso, os

correspondentes aos complementos de formación necesarios para o acceso ao máster e ao grao.

g) Ensinanzas universitarias conducentes aos títulos oficiais de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico, incluídos os complementos de formación para diplomados universitarios que desexen proseguir estudos oficiais de licenciatura.

h) Ensinanzas artísticas superiores.

i) Estudos relixiosos superiores.

j) Estudos militares superiores e de grao.

2. Para o curso académico 2012-2013, con cargo aos créditos correspondentes dos orzamentos xerais do Estado, convocaranse axudas ao estudo sen número determinado de persoas beneficiarias para as seguintes ensinanzas:

a) Cursos de acceso e cursos de preparación para as probas de acceso á formación profesional e cursos de formación específicos para o acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior impartidos en centros públicos e en centros privados concertados que teñan autorizadas ensinanzas de formación profesional.

b) Programas de cualificación profesional inicial.

c) Curso de preparación para o acceso á universidade de maiores de 25 anos impartido por universidades públicas.

d) Ensinanzas non universitarias adaptadas ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo derivada de discapacidade e trastorno de conduta ou de alta capacidade intelectual.

CAPÍTULO II

Bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral

Artigo 3. *Estudos comprendidos.*

Convocaránse bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral para o alumnado que curse ensinanzas postobrigatorias de bacharelato, de formación profesional, de ensinanzas deportivas, de ensinanzas de idiomas, de programas de cualificación profesional inicial, de ensinanzas artísticas, doutras ensinanzas superiores, de ensinanzas universitarias conducentes ao título oficial de licenciado, de enxeñeiro, de arquitecto, de diplomado, de mestre, de enxeñeiro técnico e de arquitecto técnico, así como para as ensinanzas universitarias conducentes ao título oficial de grao e de máster que se cursen en universidades españolas.

Artigo 4. *Compoñentes e contías para as ensinanzas non universitarias.*

1. Os compoñentes e contías das bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral para as ensinanzas de bacharelato, formación profesional, artísticas profesionais, deportivas, de idiomas e programas de cualificación profesional inicial serán os seguintes:

	Compoñentes	Ciclos formativos de grao superior	Ciclos formativos de grao superior implantados segundo a LOE	Ciclos formativos de grao medio	Programas de cualificación profesional inicial	Demais estudos deste artigo
De compensación.	Bolsa salario.	2.513 €	3.500 €			
	Axuda compensatoria.			2.040 €		2.040 €
	Bolsa de mantemento.				1.363 €	
Por desprazamento.	Desprazamento de 5 a 10 km.			192 €		
	Desprazamento de máis de 10 a 30 km.			386 €		
	Desprazamento de máis de 30 a 50 km.			763 €		
	Desprazamento de máis de 50 km.			937 €		

	Compoñentes	Ciclos formativos de grao superior	Ciclos formativos de grao superior implantados segundo a LOE	Ciclos formativos de grao medio	Programas de cualificación profesional inicial	Demais estudos deste artigo
Outros compoñentes.	Residencia.	2.556 €		2.556 €		2.556 €
	Escolarización.			581 €		
	Escolarización en centros municipais.			291 €		
	Escolarización en centros con concerto singular.			226 €		
	Proxecto de fin de carreira.	543 €	543 €			
	Material escolar.	217 €		204 €	204 €	204 €
	Suplemento cidades.			204 €		

2. A bolsa salario será incompatible co compoñente de material escolar. O compoñente de residencia será incompatible cos compoñentes de desprazamento.

3. Con excepción dos beneficiarios do compoñente de residencia, todos os demais bolseiros a que se refire este artigo que cursen estudos presenciais nunha localidade de máis de 100.000 habitantes recibirán, ademais dos compoñentes a que teñan dereito, un suplemento de 204 euros.

4. O alumnado de programas de cualificación profesional inicial poderá obter os compoñentes de material escolar, desprazamento e escolarización e, se é o caso, o suplemento de cidades. O alumnado que curse os módulos voluntarios poderá obter, ademais, o compoñente de mantemento que se aboará de forma fraccionada e cuxa obtención quedará condicionada ao aproveitamento académico do bolseiro durante o curso 2012-2013.

5. O alumnado matriculado en centros a que se refire o punto 2.a) do artigo 2 poderá obter os compoñentes de material escolar, desprazamento e, se é o caso, o suplemento de cidades. As contías destes compoñentes poderanse ponderar en función da carga lectiva e do horario escolar.

6. O alumnado que curse estudos de idiomas en escolas oficiais poderá obter os compoñentes de material escolar, desprazamento e, se é o caso, o suplemento de cidades.

7. Aqueles que, de conformidade co disposto no artigo 18 no Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, utilicen a oferta específica para persoas adultas ou oferta de matrícula parcial poderán obter os compoñentes para escolarización, desprazamento e material escolar e, se é o caso, o suplemento de cidades. As contías destes compoñentes poderanse ponderar en función da carga lectiva e do horario escolar.

8. O alumnado que curse estudos oficiais de bacharelato ou formación profesional a distancia poderá obter o compoñente de material escolar coas contías establecidas neste real decreto e nas condicións que se determinen na correspondente convocatoria. Ademais poderá obter unha contía máxima de 386 euros en concepto de desprazamento cando non resida na mesma localidade en que radique a sede do centro colaborador ou a extensión do centro de bacharelato a distancia, para as asistencia programadas polo centro a distancia.

9. Os limiares de renda aplicables para a concesión dos compoñentes das bolsas e axudas ao estudo previstas neste artigo serán os seguintes:

a) Para a concesión do compoñente de compensatoria e de bolsa salario, a renda familiar do solicitante non poderá superar o limiar 1 de renda familiar establecido neste real decreto.

b) Para a concesión do compoñente de escolarización, a renda familiar do solicitante non poderá superar o limiar 2 de renda familiar.

c) Para a concesión do compoñente de residencia a renda familiar do solicitante non poderá superar o limiar 4 de renda familiar. Estes solicitantes tamén poderán recibir o compoñente de material.

d) Para a concesión da bolsa básica, é dicir, do material escolar e, se é o caso, do suplemento de cidades, como únicos compoñentes, a renda familiar do solicitante non poderá superar o limiar 5 de renda familiar.

e) Para a concesión dos demais compoñentes de bolsa, a renda familiar do solicitante non poderá superar o limiar 3 de renda familiar.

Artigo 5. Compoñentes e contías para as ensinanzas universitarias e outros estudos superiores.

1. Os compoñentes e contías das bolsas de carácter xeral para as ensinanzas universitarias conducentes ao título de grao, de máster oficial, de licenciado, de enxeñeiro, de arquitecto, de diplomado, de mestre, de enxeñeiro técnico e de arquitecto técnico, de ensinanzas artísticas e doutras ensinanzas superiores, serán os seguintes:

Compoñentes da bolsa		Ensinanzas adaptadas ao EEES		Demais ensinanzas univ.	Outros estudos superiores non univ.
		Estudos universitarios de grao	Máster		
De compensación.	Axuda compensatoria.		2.550,00 €	2.550,00 €	2.550,00 €
	Bolsa salario.	3.500,00 €			
Por desprazamento.	Desprazamento de 5 a 10 km.		192,00 €		
	Desprazamento de máis de 10 a 30 km.		386,00 €		
	Desprazamento de máis de 30 a 50 km.		763,00 €		
	Desprazamento de máis de 50 km.		937,00 €		
	Transporte urbano.		185,00 €		
Outros compoñentes.	Residencia.		2.556,00 €		
	Material para estudos.		244,00 €		
	Rendemento académico.		150,00 €		
	Matrícula para estudos universitarios.	Importe dos prezos públicos oficiais por servizos académicos para o curso 2012-2013 que se fixen na convocatoria.			
	Proxecto de fin de carreira.			543,00 €	

2. A bolsa salario será incompatible cos compoñentes de material para estudos e transporte urbano. O compoñente de residencia será incompatible cos compoñentes de desprazamento e estes, pola súa vez, son incompatibles co de transporte urbano.

3. Aqueles que opten pola matrícula parcial e os que realicen o curso de preparación para o acceso á universidade na súa modalidade presencial poderán obter unicamente os compoñentes de matrícula, desprazamento ou transporte urbano e material de estudos. As contías destes compoñentes poderanse ponderar en función da carga e o horario lectivos.

4. O alumnado que curse estudos universitarios non presenciais poderá obter o compoñente de material de estudos, o compoñente de rendemento académico e o compoñente de matrícula coas contías establecidas neste real decreto e nas condicións que se determinen na correspondente convocatoria. Ademais, poderán obter unha contía máxima de 386 euros en concepto de desprazamento cando non residan na mesma localidade en que radique a sede do centro asociado ou colaborador.

Con excepción do compoñente de rendemento académico, o disposto no parágrafo anterior será aplicable a aqueles que realicen o curso de preparación para acceso á universidade de maiores de 25 anos en modalidade non presencial.

5. A bolsa de matrícula comprenderá o prezo público oficial dos servizos académicos universitarios correspondente aos créditos en que se matriculou o estudante por primeira vez no curso 2012-2013.

Non formarán parte da bolsa de matrícula aqueles créditos que excedan o mínimo necesario para obter a titulación de que se trate.

No caso dos estudantes de universidades privadas, a contía desta bolsa será igual ao importe dos prezos públicos oficiais establecidos para a mesma titulación e plan de estudos nos centros de titularidade pública da súa mesma comunidade autónoma, coas condicións establecidas nos parágrafos anteriores.

A compensación ás universidades das contías da bolsa de matrícula a que se refiren os parágrafos anteriores efectuarase conforme o previsto na disposición adicional cuarta deste real decreto.

6. A bolsa de proxecto fin de carreira está destinada a facilitar un importe ou beneficio económico aos estudantes bolseiros de ensinanza técnica e doutros estudos superiores en que se requira a superación do dito proxecto para a obtención do título. Non será aplicable cando o proxecto estea configurado dentro do plan de estudos e cuxos créditos formen parte do mínimo para a obtención do título ou cando se realice simultaneamente con algún dos cursos da carreira. Os beneficiarios universitarios da bolsa de proxecto fin de carreira poderán obter igualmente a bolsa de matrícula e de material para estudo.

7. O compoñente de rendemento académico destínase a recompensar o mellor aproveitamento académico dos estudantes de ensinanza universitaria.

8. Os limiares de renda aplicables para a concesión dos compoñentes das bolsas previstas neste artigo serán os seguintes:

a) Para a concesión do compoñente de compensatoria e de bolsa salario, a renda familiar do solicitante non poderá superar o limiar 1 establecido neste real decreto.

b) Para a concesión do compoñente de residencia, a renda familiar do solicitante non poderá superar o limiar 4 establecido neste real decreto. Os solicitantes que obteñan o compoñente de residencia tamén poderán recibir os compoñentes de material de estudo e de transporte urbano.

c) Para a concesión da bolsa de matrícula como único compoñente, a renda familiar do solicitante non poderá superar o limiar 5 establecido neste real decreto.

d) Para a concesión do compoñente por rendemento académico, a renda familiar do solicitante non poderá superar o limiar 5 establecido neste real decreto.

e) Para a concesión dos demais compoñentes de bolsa, a renda familiar do solicitante non poderá superar o limiar 3 establecido neste real decreto.

Artigo 6. *Contías adicionais.*

As contías das bolsas e axudas ao estudo establecidas nos artigos 4 e 5 deste real decreto incrementaranse nas seguintes contías:

a) Conforme o mandato contido no artigo 138.1 da Constitución, as persoas beneficiarias de bolsa con domicilio familiar na España insular, ou en Ceuta ou Melilla, que se vexan na necesidade de utilizar transporte marítimo ou aéreo para acceder ao centro docente en que cursen os seus estudos desde o seu domicilio, disporán de 442 euros máis sobre a contía da bolsa que lles correspondeu.

b) Esta cantidade adicional será de 623 euros para os bolseiros con domicilio familiar nas illas de Lanzarote, Fuerteventura, La Gomera, El Hierro e La Palma, Menorca e as Pitiusas. Estes complementos de bolsa serán tamén aplicables ao alumnado matriculado en centros oficiais de bacharelato a distancia que resida en territorio insular que careza de centro asociado ou colaborador.

c) No caso de que o estudante se teña que desprazar entre as illas Canarias e a Península, as cantidades a que se refiren as dúas letras anteriores serán de 888 euros e 937 euros, respectivamente.

CAPÍTULO III

Bolsas de mobilidadeArtigo 7. *Estudos comprendidos.*

1. Convocaranse bolsas de mobilidade para o alumnado que curse en modalidade presencial, con matrícula completa e en centros situados nunha comunidade autónoma distinta á do seu domicilio familiar, algunha das seguintes ensinanzas: artísticas superiores, estudos relixiosos superiores, ensinanzas conducentes aos títulos de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico, así como para as ensinanzas universitarias conducentes ao título de grao e de másteres oficiais que se cursen en universidades españolas.

2. As modalidades e contías das bolsas de mobilidade serán as seguintes:

Modalidades	Estudantes con domicilio familiar en Illes Balears	Estudantes con domicilio familiar en Canarias, Ceuta ou Melilla	Resto de estudantes
Xeral de mobilidade con residencia	3.959,00 €	4.273,00 €	3.336,00 €
Especial de mobilidade con residencia	6.679,00 €	6.993,00 €	6.056,00 €
Xeral de mobilidade sen residencia	—	—	1.592,00 €
Especial de mobilidade sen residencia	—	—	3.772,00 €

Serán aplicables aos beneficiarios universitarios de bolsas de mobilidade os compoñentes de rendemento académico e de bolsa de matrícula.

3. Os limiares de renda aplicables para a concesión dos compoñentes das bolsas de mobilidade serán os seguintes:

- Para a concesión das modalidades especiais de bolsa de mobilidade, a renda familiar do solicitante non poderá superar o limiar 1 establecido neste real decreto.
- Para a concesión da bolsa xeral de mobilidade sen residencia, a renda familiar do solicitante non poderá superar o limiar 3 establecido neste real decreto.
- Para a concesión da bolsa xeral de mobilidade con residencia, a renda familiar do solicitante non poderá superar o limiar 4 establecido neste real decreto.
- Para a concesión do compoñente por rendemento académico, a renda familiar do solicitante non poderá superar o limiar 5 establecido neste real decreto.
- Para a concesión da bolsa de matrícula como único compoñente, a renda familiar do solicitante non poderá superar o limiar 5 establecido neste real decreto.

CAPÍTULO IV

Axudas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativoArtigo 8. *Estudos comprendidos.*

1. Convocaranse axudas ao estudo e subsidios para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo derivada de discapacidade ou trastorno grave de conduta ou asociada á alta capacidade intelectual que curse estudos nos niveis de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, ciclos formativos de grao medio e de grao superior e programas destinados á obtención dunha cualificación profesional inicial. Os subsidios atenderán aos gastos de comedor escolar e de transporte escolar e concederanse ao alumnado con necesidades educativas especiais que pertencen a familias numerosas.

2. Os compoñentes e contías das axudas e subsidios para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo derivada de discapacidade serán os seguintes:

Compoñentes	Educación primaria, ESO e programas de cualificación profesional inicial	Resto de niveis educativos
Axuda de ensino.	Ata 862,00 €.	Ata 862,00 €.
Axuda ou subsidio de transporte escolar.	Ata 617,00 €.	Ata 617,00 €.
Axuda ou subsidio de comedor escolar.	Ata 574,00 €.	Ata 574,00 €.
Axuda de residencia escolar.	Ata 1.795,00 €.	Ata 1.795,00 €.
Axuda para transporte de fin de semana.	Ata 442,00 €.	Ata 442,00 €.
Axuda para transporte urbano.	Ata 308,00 €.	Ata 308,00 €.
Axuda para material escolar.	Ata 105,00 €.	Ata 204,00 €.
Axuda para reeducación pedagóxica.	Ata 913,00 €.	Ata 913,00 €.
Axuda para reeducación da linguaxe.	Ata 913,00 €.	Ata 913,00 €.

3. As contías establecidas na táboa anterior para as axudas ou subsidios de transporte incrementaranse ata nun 50% cando o alumno teña unha discapacidade motora recoñecida superior ao 65%.

4. Non se concederán axudas nin subsidios cando os gastos a que atenden estean cubertos suficientemente por servizos ou fondos públicos ou, se é o caso, por axudas concedidas aos centros para financiar o correspondente servizo. No nivel de educación infantil non se concederán axudas para material escolar.

5. O alumnado con altas capacidades intelectuais poderá obter, nos termos previstos no artigo 11 do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, unha axuda de ata 913 euros para o pagamento dos gastos derivados da inscrición e asistencia a programas específicos para este colectivo.

6. Os limiares de renda aplicables para a concesión dos compoñentes das axudas ao estudo e subsidios para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo serán os seguintes:

- Para a concesión destas axudas, a renda familiar do solicitante non poderá superar o limiar 3 establecido neste real decreto.
- Para a concesión dos subsidios non se atenderá á renda nin ao patrimonio familiar.

CAPÍTULO V

Os limiares de renda e patrimonio familiar

Artigo 9. *Limiares de renda familiar.*

1. De conformidade co previsto na letra e) da disposición adicional primeira do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, o limiar 1 de renda familiar para o curso 2012-2013 fixarase nas convocatorias que aproben o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e as administracións educativas competentes que asumiron o pleno exercicio das competencias previstas no dito real decreto.

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte financiará as bolsas suxeitas ao extremo inferior do intervalo recollido na seguinte táboa, incluíndo o compoñente da bolsa de matrícula nos termos establecidos na disposición adicional cuarta. As bolsas que se concedan aos estudantes cuxa renda familiar se sitúe dentro do intervalo fixado financiaranse ao cincuenta por cento entre o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a comunidade autónoma convocante:

Familias de un membro: entre (3.771,00 e 3.962,00) €.
Familias de dous membros: entre (7.278,00 e 7.646,00) €.
Familias de tres membros: entre (10.606,00 e 11.143,00) €.
Familias de catro membros: entre (13.909,00 e 14.613,00) €.
Familias de cinco membros: entre (17.206,00 e 18.076,00) €.
Familias de seis membros: entre (20.430,00 e 21.463,00) €.
Familias de sete membros: entre (23.580,00 e 24.773,00) €.
Familias de oito membros: entre (26.660,00 e 28.009,00) €.

A partir do oitavo membro engadiranse entre 3.079 e 3.235 euros por cada novo membro computable da familia.

2. O limiar 2 de renda familiar para o curso 2012-2013 será o recollido na seguinte táboa:

Familias de un membro: 10.668,00 €.
Familias de dous membros: 17.377,00 €.
Familias de tres membros: 22.820,00 €.
Familias de catro membros: 27.069,00 €.
Familias de cinco membros: 30.717,00 €.
Familias de seis membros: 34.241,00 €.
Familias de sete membros: 37.576,00 €.
Familias de oito membros: 40.882,00 €.

A partir do oitavo membro engadiranse 3.282,00 euros por cada novo membro computable da familia.

3. O limiar 3 de renda familiar para o curso 2012-2013 será o recollido na seguinte táboa:

Familias de un membro: 11.937,00 €.
Familias de dous membros: 19.444,00 €.
Familias de tres membros: 25.534,00 €.
Familias de catro membros: 30.287,00 €.
Familias de cinco membros: 34.370,00 €.
Familias de seis membros: 38.313,00 €.
Familias de sete membros: 42.041,00 €.
Familias de oito membros: 45.744,00 €.

A partir do oitavo membro engadiranse 3.672,00 euros por cada novo membro computable da familia.

4. O limiar 4 de renda familiar para o curso 2012-2013 será o recollido na seguinte táboa:

Familias de un membro: 13.236,00 €.
Familias de dous membros: 22.594,00 €.
Familias de tres membros: 30.668,00 €.
Familias de catro membros: 36.421,00 €.
Familias de cinco membros: 40.708,00 €.
Familias de seis membros: 43.945,00 €.
Familias de sete membros: 47.146,00 €.
Familias de oito membros: 50.333,00 €.

A partir do oitavo membro engadiranse 3.181,00 euros por cada novo membro computable da familia.

5. De conformidade co previsto na letra e) da disposición adicional primeira do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, o limiar 5 de renda familiar para o curso 2012-2013 fixarase nas convocatorias que aproben o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e

as administracións educativas competentes que asumiron o pleno exercicio das competencias previstas no dito real decreto.

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte financiará as bolsas suxeitas ao extremo inferior do intervalo recollido na seguinte táboa, incluíndo o compoñente da bolsa de matrícula nos termos establecidos na disposición adicional cuarta. As bolsas que se concedan aos estudantes cuxa renda familiar se sitúe dentro do intervalo fixado financiaranse ao cincuenta por cento entre o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a comunidade autónoma convocante:

- Familias de un membro: entre (14.112,00 e 14.826,00) €.
- Familias de dous membros: entre (24.089,00 e 25.308,00) €.
- Familias de tres membros: entre (32.697,00 e 34.352,00) €.
- Familias de catro membros: entre (38.831,00 e 40.796,00) €.
- Familias de cinco membros: entre (43.402,00 e 45.598,00) €.
- Familias de seis membros: entre (46.853,00 e 49.224,00) €.
- Familias de sete membros: entre (50.267,00 e 52.810,00) €.
- Familias de oito membros: entre (53.665,00 e 56.380,00) €.

A partir do oitavo membro engadiranse entre 3.391 euros e 3.562 euros por cada novo membro computable da familia.

6. No suposto de que, resolta a convocatoria, o número de bolseiros resulte inferior ao do curso académico 2011-2012 incrementado nun 10%, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte poderá elevar progresivamente os limiares de renda familiar, sen exceder un 10%. Se esta elevación de limiares afectase o limiar 1 ou o limiar 5, os compromisos de financiamento do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte entenderanse adaptados aos novos parámetros.

Artigo 10. *Cálculo da renda familiar.*

1. A renda familiar para efectos de bolsa ou axuda obtérase por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, calculadas segundo se indica nos puntos seguintes e de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Para efectos das bolsas e axudas ao estudo do curso 2012-2013, computarase o exercicio 2011.

2. Para a determinación da renda dos membros computables que presentaron declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas, procederase do modo seguinte:

a) Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro, excluíndo todos os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais correspondentes a exercicios anteriores a 2011 e o saldo neto negativo de rendementos do capital mobiliario de 2008, 2009 e 2010 que se van integrar na base imponible do aforro.

b) Deste resultado restarase a cota resultante da autoliquidación.

3. Para a determinación da renda dos demais membros computables que obteñan ingresos propios e non presentasen declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas seguirase o procedemento descrito na letra a) anterior e do resultado obtido restaranse os pagamentos á conta efectuados.

Artigo 11. *Deducións da renda familiar.*

No curso 2012-2013 aplicaranse as seguintes deducións da renda familiar:

a) O 50% dos ingresos achegados por calquera membro computable da familia distinto dos sustentadores principais.

b) 500 euros por cada irmán, incluído o solicitante, que conviva no domicilio familiar, cando se trate de familias numerosas de categoría xeral, e 765 euros para familias

numerosas de categoría especial, sempre que teña dereito a este beneficio. Cando sexa o propio solicitante o titular da familia numerosa, as cantidades sinaladas serán computadas en relación cos fillos que a compoñan. Esta dedución será de ata 2.000 euros na convocatoria de axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

c) 1.811 euros por cada irmán ou fillo do solicitante ou o propio solicitante que estea afectado de minusvalidez, legalmente recoñecida, de grao igual ou superior ao 33%. Esta dedución será de 2.881 euros cando a minusvalidez sexa de grao igual ou superior ao 65%. Esta dedución será de ata 4.000 euros na convocatoria de axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

d) 1.176 euros por cada irmán do solicitante menor de 25 anos ou o propio solicitante que curse estudos universitarios e resida fóra do domicilio familiar, cando sexan dous ou máis os estudantes con residencia fóra do domicilio familiar por razón de estudos universitarios.

e) Incrementarase o limiar de renda familiar aplicable nun 20% cando o solicitante sexa orfo absoluto e menor de 25 anos.

Artigo 12. *Limiares indicativos de patrimonio familiar.*

1. Calquera que sexa a renda familiar calculada segundo o disposto nos artigos 10 e 11, denegarase a bolsa ou axuda solicitada para o curso 2012-2013 cando se superen os limiares indicativos de patrimonio familiar que se fixan a seguir:

a) A suma dos valores catastrais dos predios urbanos que pertencen aos membros computables da familia, excluída a vivenda habitual, non poderá superar 42.900 euros. En caso de inmobles nos cales a data de efecto da última revisión catastral estea comprendida entre o 1 de xaneiro de 1990 e o 31 de decembro de 2002, multiplicaranse os valores catastrais por 0,49. No caso de que a data da mencionada revisión sexa posterior ao 31 de decembro de 2002, os valores catastrais multiplicaranse polos coeficientes seguintes:

- Por 0,43 os revisados en 2003.
- Por 0,37 os revisados en 2004.
- Por 0,30 os revisados en 2005.
- Por 0,26 os revisados en 2006.
- Por 0,25 os revisados en 2007.
- Por 0,25 os revisados en 2008.
- Por 0,26 os revisados en 2009.
- Por 0,28 os revisados en 2010.
- Por 0,30 os revisados en 2011.

Nos inmobles situados na Comunidade Foral de Navarra, o valor catastral multiplicarase en todo caso por 0,50.

A Dirección Xeral do Catastro facilitará a relación de municipios que correspondan a cada unha das situacións indicadas, para os efectos de aplicación do coeficiente de ponderación.

b) A suma dos valores catastrais dos predios rústicos que pertencen aos membros computables da familia non poderá superar 13.130 euros por cada membro computable.

c) A suma de todos os rendementos netos reducidos do capital mobiliario máis o saldo neto positivo de todas as ganancias e perdas patrimoniais pertencente aos membros computables da familia excluíndo as subvencións recibidas para a adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual e, se é o caso, a renda básica de emancipación non poderá superar 1.700 euros.

Non se terán en conta para os efectos previstos neste punto os premios en metálico ou en especie obtidos pola participación en xogos, concursos, rifas ou combinacións aleatorias ata o límite de 1.500 euros.

En todo caso, os elementos indicativos do patrimonio computaranse de conformidade co disposto na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas polo seu valor en 31 de decembro de 2011.

2. Cando sexan varios os elementos indicativos do patrimonio descritos no número anterior dos que dispoñan os membros computables da familia, calcularase a porcentaxe de valor de cada elemento respecto do limiar correspondente. Denegarase a bolsa cando a suma das referidas porcentaxes supere o valor cen. Non obstante, se unha vez resoltas as convocatorias o número de bolseiros resultase inferior ao do curso 2011-2012 incrementado nun 10%, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte poderá determinar que non se aplique o disposto neste número.

3. Tamén se denegará a bolsa ou axuda ao estudo solicitada cando as actividades económicas de que sexan titulares os membros computables da familia teñan un total de ingresos computables de actividades económicas en estimación directa e en actividades agrícolas, gandeiras e forestais en estimación obxectiva, en 2011, superior a 155.500 euros.

4. Para os efectos do cómputo do valor dos elementos a que se refiren os números anteriores, deducirase o 50% do valor daqueles que pertencen a calquera membro computable da familia, excluídos os sustentadores principais.

Disposición adicional primeira. *Requisitos académicos para os alumnos doutros estudos superiores.*

Nos estudos superiores de grao e máster non integrados na universidade e demais estudos organizados por créditos, os requisitos académicos exixibles para a obtención de bolsa serán os establecidos para os estudantes universitarios de grao e máster e de primeiro e segundo ciclo, respectivamente, da área de Artes e Humanidades.

Nos citados estudos superiores non integrados na universidade e organizados por cursos académicos requirirase, para efectos da obtención de bolsa, que o solicitante se matricule por cursos completos. Neste suposto, este requisito non será exixible, por unha soa vez, cando ao solicitante lle reste un número menor de créditos ou disciplinas para finalizar os seus estudos, caso en que se deberán matricular de todos eles.

Disposición adicional segunda. *Medidas específicas para compensar as desvantaxes dos estudantes universitarios con discapacidade.*

1. A contía dos compoñentes que se determinen das bolsas e axudas ao estudo fixadas para os estudantes universitarios, con excepción da relativa á bolsa de matrícula, poderase incrementar ata nun 50% cando o solicitante estea afectado dunha discapacidade de grao igual ou superior ao 65%, legalmente cualificada.

Non se concederán axudas cando os gastos a que atenden estean cubertos suficientemente por servizos ou fondos públicos.

2. As deducións previstas na renda familiar especificadas nas letras b) e c) do artigo 11 para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo aplicaranse igualmente aos estudantes universitarios dunha discapacidade de grao igual ou superior ao 65%, legalmente cualificada.

3. O número de créditos de que deban quedar matriculados os solicitantes de bolsa e que se establecerá nas convocatorias correspondentes, minorarase no caso dos estudantes afectados de discapacidade legalmente cualificada, reducíndose a carga lectiva necesaria para cumprir o requisito de matrícula nun 50%, como máximo, cando o solicitante estea afectado de discapacidade de grao igual ou superior ao 65%.

Disposición adicional terceira. *Prolongación dos estudos universitarios.*

Naqueles supostos en que os requisitos e condicións aplicables permitan o desfrute de bolsa durante un ou dous anos máis dos establecidos no plan de estudos da correspondente titulación universitaria, a convocatoria poderá establecer que a contía da bolsa que se conceda para o último destes cursos adicionais sexa do cincuenta por cento dos

compoñentes que lle correspondesen, con excepción da bolsa de matrícula que cubrirá a totalidade dos créditos de que se matricule por primeira vez.

Disposición adicional cuarta. *Compensación ás universidades pola exención de matrícula.*

1. Durante o curso 2012-2013, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte proporcionará ás universidades, en concepto de compensación dos prezos públicos por servizos académicos correspondentes aos alumnos bolseiros exentos do seu pagamento, unha cantidade por alumno bolseiro igual á do prezo público fixado para a titulación correspondente no curso 2011-2012, actualizada nun 1%, de conformidade co previsto no número 2 do artigo 7 do Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas de racionalización do gasto público no ámbito educativo.

2. No caso de novas titulacións que non existisen no curso 2011-2012, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte compensará ás universidades o importe correspondente aos prezos públicos fixados no curso 2011-2012 para titulacións do mesmo grao de experimentalidade na súa comunidade autónoma, actualizado nos termos previstos no número anterior.

3. No suposto de bolseiros matriculados nos denominados másteres con prezo diferenciado, con excepción daqueles que habiliten para o exercicio dunha profesión regulada, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte compensará á universidade o importe non aboado polo estudante bolseiro ata un máximo de 2.100,00 euros.

4. Cando a cantidade proporcionada polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte á universidade resultase inferior ao custo das bolsas de matrícula, nos termos definidos no número 5 do artigo 5 deste real decreto, calculado ao prezo público efectivamente fixado pola comunidade autónoma para o curso 2012-2013, corresponderá á dita comunidade autónoma compensar a universidade pola diferenza, de modo que o beneficiario da bolsa quede efectivamente exento de calquera obriga económica.

Disposición adicional quinta. *Requisitos académicos para o curso 2013-2014.*

A partir do curso 2013-2014, para a obtención de calquera compoñente de bolsa, aqueles que se matriculen por primeira vez en primeiro curso de estudos de grao deberán acreditar unha nota de acceso á universidade de 6,50 puntos, con exclusión da cualificación obtida na fase específica.

Os solicitantes de segundos e posteriores cursos de ensinanzas universitarias deberán ter superado nos últimos estudos cursados as seguintes porcentaxes dos créditos matriculados:

Rama de coñecemento	Porcentaxe de créditos que hai que superar
Artes e Humanidades	100 %
Ciencias	100 %
Ciencias Sociais e Xurídicas	100 %
Ciencias da Saúde	100 %
Ensinanzas técnicas	85 %

Alternativamente, os solicitantes de segundos e posteriores cursos que non superen a porcentaxe de créditos establecida no parágrafo anterior deberán ter superado nos últimos estudos cursados as seguintes porcentaxes de créditos e ter alcanzado as seguintes notas medias das disciplinas superadas:

Rama de coñecemento	Porcentaxe de créditos que hai que superar	Nota media nas disciplinas superadas
Artes e Humanidades	90 %	6,50 puntos.
Ciencias	80 %	6,50 puntos.
Ciencias Sociais e Xurídicas	90 %	6,50 puntos.
Ciencias da Saúde	80 %	6,50 puntos.
Ensinanzas técnicas	65 %	6,00 puntos.

Os estudantes de primeiro curso de másteres que habilitan para o exercicio dunha profesión regulada deberán acreditar unha nota media de 6,50 puntos nos estudos previos que lles dan acceso ao máster. Nos restantes estudos de máster a dita nota media será de 7,00 puntos. Para estes efectos, as notas medias procedentes de estudos de ensinanzas técnicas multiplicaranse polo coeficiente 1,17.

Os estudantes de segundo curso de másteres que habilitan para o exercicio dunha profesión regulada deberán acreditar unha nota media de 6,50 puntos en primeiro curso. Nos restantes estudos de máster a dita nota media será de 7,00 puntos. En ambos os casos requirirase ter superado a totalidade dos créditos do primeiro curso.

Así mesmo, a partir do curso 2013-2014, para a obtención de calquera compoñente de bolsa, os estudantes de primeiro curso de bacharelato deberán acreditar ter obtido unha nota media de 6,00 puntos no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria ou proba de acceso, se é o caso. Os estudantes de primeiro curso de ciclos formativos de grao superior deberán acreditar ter obtido 5,50 puntos en segundo curso de bacharelato, proba ou curso de acceso respectivamente.

Os estudantes de segundos e posteriores cursos de ensinanzas postobrigatorias non universitarias organizadas por materias ou disciplinas deberán acreditar ter superado, polo menos, todas as materias ou disciplinas do curso anterior, con excepción de unha.

Os estudantes de segundos e posteriores cursos de ensinanzas postobrigatorias non universitarias organizadas por módulos deberán acreditar ter superado, polo menos, no curso anterior un número de módulos que supoñan o 85% das horas totais do curso en que estivesen matriculados.

Disposición transitoria primeira. Axudas para a adquisición de libros convocadas polas comunidades autónomas.

Durante o curso 2012-2013 non serán de aplicación as normas reguladoras dos requisitos económicos contidas neste real decreto e no Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, ás convocatorias de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar nos niveis obrigatorios publicadas polas comunidades autónomas ao abeiro dun convenio de colaboración co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Disposición transitoria segunda. Convenios de cofinanciamento.

Excepcionalmente para o curso 2012-2013 as comunidades autónomas que iniciasen a negociación para o traspaso das funcións e servizos en materia de xestión de bolsas e axudas ao estudo personalizadas, de conformidade co previsto na disposición adicional cuarta do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, poderán acordar, a través dun convenio co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a convocatoria e o cofinanciamento con cargo aos seus propios orzamentos do 50% das bolsas que se

concedan aos estudantes cuxa renda familiar se sitúe dentro do intervalo fixado no artigo 9, números 1 e 5, deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial e carácter de lexislación básica.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro das regras 1ª e 30ª do artigo 149.1 da Constitución, que reservan ao Estado a competencia para establecer as normas básicas para o desenvolvemento do dereito á educación, co obxecto de garantir a igualdade de todos os españois no seu exercicio.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas personalizadas.*

Modifícase o Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas personalizadas, nos termos que se recollen a continuación:

Un. Engádesse unha nova letra c) ao número 1 do artigo 9 do Real decreto 1721/2007, coa seguinte redacción:

«c) Cumprir os seguintes requisitos académicos:

1.º Estudantes de másteres oficiais:

– Os estudantes de primeiro curso de másteres que habilitan para o exercicio dunha profesión regulada deberán acreditar unha nota media de 6,50 puntos nos estudos previos que lles dan acceso ao máster. Nos restantes estudos de máster esa nota media será de 7,00 puntos. Para estes efectos, as notas medias procedentes de estudos de ensinanzas técnicas multiplicaranse polo coeficiente 1,17.

– Os estudantes de segundo curso de másteres que habilitan para o exercicio dunha profesión regulada deberán acreditar unha nota media de 6,50 puntos en primeiro curso. Nos restantes estudos de máster esa nota media será de 7,00 puntos.

2.º Estudantes de ensinanzas postobrigatorias non universitarias:

– Os estudantes de primeiro curso de bacharelato deberán acreditar ter obtido unha nota media de 5,50 puntos no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria ou proba de acceso, se é o caso. Os estudantes de primeiro curso de ciclos formativos de grao superior deberán acreditar ter obtido 5,50 puntos en segundo curso de bacharelato, proba ou curso de acceso respectivamente.

– Os estudantes de segundos e posteriores cursos de ensinanzas postobrigatorias non universitarias organizadas por materias ou disciplinas deberán acreditar ter superado, polo menos, todas as materias ou disciplinas do curso anterior, con excepción de unha.

– Os estudantes de segundos e posteriores cursos de ensinanzas postobrigatorias non universitarias organizadas por módulos deberán acreditar ter superado, polo menos, no curso anterior un número de módulos que supoñan o 85% das horas totais do curso en que estivesen matriculados.

Os requisitos establecidos nesta letra serán tamén aplicables aos solicitantes das modalidades de bolsa especial de mobilidade.»

Dous. O número 1 do artigo 23 do Real decreto 1721/2007 quedará redactado nos seguintes termos:

«Os que se matriculen por primeira vez de primeiro curso de estudos de grao deberán acreditar unha nota de acceso á universidade de 5,50 puntos, con exclusión da cualificación obtida na fase específica, no caso de que accedan a

través da proba de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao para os que se encontren en posesión do título de bacharel ou equivalente, ou unha nota de 5,50 puntos na proba ou na ensinanza que lles permita o acceso á universidade noutro caso.

Os solicitantes de segundos e posteriores cursos deberán ter superado nos últimos estudos cursados as seguintes porcentaxes dos créditos matriculados:

Rama de coñecemento	Porcentaxe de créditos que hai que superar
Artes e Humanidades	90 %
Ciencias	80 %
Ciencias Sociais e Xurídicas	90 %
Ciencias da Saúde	80 %
Ensinanzas técnicas	65 %»

Tres. O parágrafo terceiro do artigo 25 do Real decreto 1721/2007 queda redactado nos seguintes termos:

«A porcentaxe de créditos que hai que superar establecida no artigo 23 para obter bolsa determinarase nestes casos mediante a seguinte ecuación matemática:

$$65 - Y/10$$

para ensinanzas técnicas:

$$80 - (Y/10)$$

para as ensinanzas universitarias adscritas ás ramas de coñecemento de Ciencias e de Ciencias da Saúde:

$$90 - (Y/10)$$

para as ensinanzas universitarias adscritas ás ramas de coñecemento de Artes e Humanidades e de Ciencias Sociais e Xurídicas.

Onde Y é o incremento porcentual de créditos matriculados sobre o número mínimo deles a cuxa matriculación obriga o artigo 22.»

Catro. O número 1 do artigo 27 do Real decreto 1721/2007 quedará redactado como segue:

«Os solicitantes de bolsa para primeiro curso dos estudos conducentes á obtención dun título oficial de máster universitario deberán ter obtido unha nota media de 6,50 puntos no expediente académico correspondente aos estudos universitarios previos que dan acceso a eles. Para estes efectos, as notas medias procedentes de estudos de ensinanzas técnicas multiplicaranse polo coeficiente 1,17.

No caso dos másteres que habilitan para o exercicio dunha profesión regulada a nota media a que se refire a epígrafe anterior será de 6,00 puntos. Para estes efectos, as notas medias procedentes de estudos de ensinanzas técnicas multiplicaranse polo coeficiente 1,17.»

Cinco. O punto 1.a) do artigo 35 do Real decreto 1721/2007 quedará redactado como segue:

«a) Destinar a bolsa ou axuda á finalidade para a que se concede, entendéndose por tal a matriculación, asistencia á clase, presentación a exames, aboamento, se é o caso, dos gastos para os que se concedeu, así como a prestación do servizo ou realización da práctica que motivaron a súa concesión. Os beneficiarios das ditas bolsas deberán, ademais, superar como mínimo o 50

por 100 dos créditos ou disciplinas en que se matricularon. O incumprimento desta última obriga comportará o reintegro de todos os compoñentes da bolsa con excepción da bolsa de matrícula.»

Seis. O artigo 38 do Real decreto 1721/2007 quedará redactado como segue:

«As bolsas e axudas ao estudo reguladas neste real decreto serán incompatibles con calquera outro beneficio da mesma natureza e finalidade, salvo que o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte declare a compatibilidade en casos suficientemente motivados.»

Sete. A disposición transitoria única do Real decreto 1721/2007 pasa a ser a disposición transitoria primeira. O número 8 desta disposición transitoria quedará redactado como segue:

«Requirirase que o solicitante superase no curso anterior a aquel para o cal solicita a bolsa o 90% dos créditos matriculados se se trata de estudos das áreas de Artes e Humanidades e de Ciencias Sociais e Xurídicas; o 80%, se se trata de estudos das áreas de Ciencias e Ciencias da Saúde e o 65% no caso de ensinanzas de Enxeñaría e Arquitectura.»

O número 12 desta disposición transitoria queda redactado nos seguintes termos:

«Entenderase que cumpren os requisitos académicos os alumnos que obteñan un excepcional aproveitamento académico. Para determinar se existe excepcional aproveitamento do alumno, calcularase o incremento porcentual de créditos matriculados sobre o número mínimo deles a cuxa matriculación obriga o número 1 anterior. A porcentaxe de créditos que hai que superar nestes casos para obter bolsa determinarase mediante as seguintes fórmulas matemáticas:

$$65 - Y/10$$

para ensinanzas técnicas:

$$80 - (Y/10)$$

para as ensinanzas universitarias adscritas ás ramas de coñecemento de Ciencias e de Ciencias da Saúde:

$$90 - (Y/10)$$

para as ensinanzas universitarias adscritas ás ramas de coñecemento de Artes e Humanidades e de Ciencias Sociais e Xurídicas.

Onde Y é o incremento porcentual de créditos matriculados sobre o número mínimo deles a cuxa matriculación obriga o número 1 anterior.»

Oito. Engádese unha disposición transitoria segunda ao Real decreto 1721/2007 coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria segunda. *Prezos públicos de ensinanzas universitarias en extinción.*

Ata que se produza a súa extinción, os prezos públicos aplicables ás ensinanzas da anterior ordenación universitaria conducentes á obtención dos títulos oficiais de diplomado, mestre, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto ou enxeñeiro determinaranos as comunidades autónomas dentro dos límites que estableza a Conferencia Xeral de Política Universitaria, respectando os intervalos establecidos para as ensinanzas de grao na letra b) do artigo 81.3 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.»

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento normativo.*

Corresponde ao ministro de Educación, Cultura e Deporte, no ámbito das súas competencias, ditar as normas que sexan precisas para a aplicación e o desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de xuño de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA